



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 04/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do día vintenove de abril de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 25-03-10.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 25 de marzo de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non producíndose ningunha intervención, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2. NOMEAMENTO DE D. JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre o nomeamento de D. Jesús Fernández López Fillo Predilecto do Concello de Foz.

Visto o escrito do Sr. Alcalde que xustifica as razóns do outorgamento do título, que literalmente sinala:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

“INFORME DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ PARA NOMEAR A D. JESÚS FERNÁNDEZ LÓPEZ COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE FOZ

Jesús Fernández López naceu en Foz 1937, de familia de comerciantes. Seu pai, coñecido por “ O XUEZ” e a súa nai, María de Botes, foron os artífices, nos difíciles anos 40 do Hotel e Sala de Festas Bahía.

Iniciou en Foz o bachelato, que rematou no Colexio dos Hermanos Maristas da Coruña. Coursou Maxisterio e é Procurador dos Tribunais que nunca exerceu. Seguindo a tradición familiar dedicouse ó comercio e en 1963, ano en que casou con Marita (tiñeron 4 fillos), estableceu o primeiro taller de imprenta e librería da historia de Foz.

Atraído dende moi xove polo xornalismo, ós 17 anos iniciou a súa andaina no xornal coruñés “El Ideal Gallego”, “Faro de Vigo” e “El Progreso”, ó que leva vencellado preto de 50 anos. Asimismo colaborou en emisores de Radio: Radio Popular de Lugo, Cadena Ser de Navia, Tertuliano en Onda Cero, Radio Foz, etc.

No seno da Peña da Rapadoira, da que era directivo, promoveu e dirixiu a revista A RAPADOIRA (1962) en dúas versións: escrita e oral. No Clube Náutico de Foz, do que foi Presidente, editou o periódico “Rompeolas” e na Asociación de Comerciantes de Foz, que promoveu e presidiu durante 15 anos, o “Despertar”. Foi promotor e organizador da Ruta Pardo de Cela (1971); do primeiro e único Concurso de Corais da historia de Foz, da Feira de Arte Popular, a primeira de Galicia da súa modalidade (cos artesáns traballando á vista do público) que coñeceu tres edicións: ano 1971-72 e 73. Organizou o primeiro partido de fútbol feminino da historia de Foz.

Entregou ó Asilo o primeiro vehículo a motor, unha furgoneta marca Ebro a estrear, tras organizar festivais e colectas, para as que incluso enviou cartas ós focegos da diáspora.

Durante anos organizou no propio Asilo unha cea o Lúns de Carnaval, os beneficios destinábanse á axuda do gas-oil para a calefacción. Foi o Presidente-Fundador de O FEITIZO-Amigos das Artes (1978), así como da APA do Instituto (1977).

Promotor e Presidente da Comisión Pro-Vodas de Ouro do Asilo, celebradas con extraordinario esplendor (1984). Con este motivo, e polas súas xestións persoais actuou por primeira vez en Foz o Ballet Galego Rei de Viana.

Co-fundador do colectivo Radioclub Costa Lugo (1983) de radioaficionados, desempeñando diversos cargos directivos.

Promotor e director durante anos da Feira do Libro de Foz (1984), que chega á XXV edición. Foi directivo da Federación de Libreiros de Galicia.

Organizador e presentador de festivais benéficos. Actor en representación tetarais.

Autor de 4 libros: o primeiro que se editou sobre San Martiño: “Guía Histórica y Artística de San Martín de Mondoñedo” (1976); “Foz”, editado por Everest (1991), “Foz: o mar e as xentes” (1997) e “Miscelánea Focense” (2005). Autor do guión e puxo voz ó vídeo de promoción turística “Foz, un lugar de ensueño” que, promovido pola ACIA na súa etapa de presidente, do que se fixeron dúas edicións, distribuíronse preto de 5000 copias.

Co-Fundador da Asociación de Amigos das Setas Os Bolouros (1980), da que foi directivo, así como da Coral Polifónica de Foz (1983), onde durante anos foi moralista e vicepresidente. O día 2 de abril de 1997 presentou no Concello un escrito polo que solicitaba que a Casa da Cultura levase o nome do Poeta Manuel María, que a Corporación Municipal ratificou por unanimidade.

Co-fundador, vicepresidente e portavoz da FEMLU (Federación de Empresarios da Mariña Lucense).

Cofundador da Asociación Cultural O Mundo da Galea (1995), da que é portavoz.

Alguns dos galardóns recibidos: “Lucense del año 1997”, “Insignia de Plata” do Orfeón de Mondoñedo, Cabaleiro da Orde dos Amigos do Camiño de Santiago, Cofrade de Honra da Confraría do Desencravo de San Martiño, así como da Confraría da Vires do Carme, da mesma parroquia, Premio “Irmandade do Libro”, da Federación de Libreiros de Galicia, Cabaleiro do Mariscal Pardo de Cela, Escanciador de Honra da Santina, Premio Poeta Manuel María do Concello de Foz e Premio



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

“Ardelle o Eixo” da Asociación Os Aventados de San Cibrao, Cronista Oficial de Foz.

Pronunciou pregóns e conferencias, colaborou con numerosos artigos en diversas publicacións.

Arcadio Mon, Director da Escola de Música de Foz, ten composta na súa honra “A muiñeira do Xesús”, que foi estreada pola Banda de Foz baixo a súa dirección o verán de 2006.

Polo exposto consideramos que D. Jesús Fernández López ten ben merecido o recoñecemento de Fillo Predilecto do Concello de Foz, e así facemos a proposta para elevar a estancias superiores”.

O Sr. Alcalde manifesta que a petición do interesado a homenaxe sería o 25 de setembro, porque lle faría ilusión que coincidise co seu aniversario de casamento.

Intervén o portavoz do BNG para dicir que dende o seu grupo, dende que xente fixo a proposta de nomeamento, están de acordo. Pensan que o merece polo traballo que fixo para Foz e pola defensa dos Dereitos Humanos.

Non habendo mais intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Nomear a D. Jesús Fernández López Fillo Predilecto do Concello de Foz.

3. APOIAR A PETICIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS RÍO OURO DE SAN ACISCLO Á XUNTA DE GALICIA SOBRE PETICIÓN DE ESPAZO PÚBLICO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre o apoio á petición da Asociación de veciños Río Ouro de San Acisclo.

O portavoz do PP pide que se deixe sobre a mesa o asunto porque na Asociación de veciños hai xente que non está de acordo.

O Sr. Alcalde lle contesta que entón que fagan unha proposta alternativa e a presente.

O portavoz do PP continúa dicindo que no escrito se recollen cousas que non son realidade, coma por exemplo que está pechada a entrada con bloques. Se pide que se abra a entrada, cando non hai un carril de desaceleración.

O Sr. Alcalde manifesta que non cre que o Presidente estea enganando co que recolle no escrito.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que se o trae un presidente dunha asociación espera que sexa verdade e está representando á Asociación, quizais non é o mais preciso. Prosegue dicindo que o que é intolerable é que os nenos de San Acisclo estean sen parada de bus.

O portavoz do PP pregunta por que non se deixou aberta esa saída cando se fixo o proxecto. Se fixo un proxecto con beirarrúas e non se deixou aberto e tampouco se marcaron as paradas de autobús.

O Sr. Alcalde pregunta que problema hai en apoiar iso e despois que sexa Carreiras a que faga o deseño.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do PP insiste en que el non está disposto a apoiar algo que é falso.

O portavoz do BNG aclara que pechada está, que hai un bordillo de beirarrúa que impide o paso.

O portavoz do PP insiste en que no escrito di que está pechada por un particular.

O portavoz do BNG expresa que o que se pide está claro.

O Sr. Alcalde explica que se di que está pechada por un particular e non é certo non se vai a apoiar iso dende o Pleno. Se pode tomar un acordo solicitando á Xunta que ordene iso.

O portavoz do PP di que a Xunta o que vai facer é executar o proxecto.

O Sr. Alcalde insiste en que o que ten claro é que hai que ordenar esa zona.

Polo que se procede á votación para que o asunto quede sobre a mesa, aceptándose por unanimidade dos membros de dereito do Pleno.

4. MOCIÓN DO PP SOBRE A AXILIZACIÓN DO DESPREGAMENTO DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL NA MARIÑA LUCENSE.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre a moción do PP sobre a axilización do despregamento da rede de distribución de gas natural na mariña lucense.

O portavoz do PP explica a moción.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que o seu grupo non está en contra, pero xa houbo unha moción similar no ano 2008, e xa que a moción estaba aprobada o seu grupo se vai a abster. Recorda que o Sr. Balseiro de aquela dicía que era unha falta de cortesía deixar fóra á Consellería de Industria e non van a pedir iso porque quen está faltando ao pacto é o Ministerio.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo pensa que se trata dunha moción demagóxica porque o Goberno do Estado traballou codo con codo coa Xunta de Galicia, polo que non van a apoiar esa moción porque iso é dicirlle á Consellería de Industria que fagan os deberes e que se poñan a disposición do Ministerio porque iso xa está en marcha dende o Ministerio. Lle pide ao portavoz do PP que fale coa Consellería.

O portavoz do PP lle replica que lle da a sensación de que non le os papeis, e a continuación le o segundo punto da moción, dicíndolle ao Sr. Alcalde que sabe ben que non cumpre.

O Sr. Alcalde lle contesta que non ten memoria, xa que o Goberno do Estado está facendo as autovías do Cantábrico, nas que o PP non puxo nin unha pedra; tamén se está facendo a vía Barreiros- San Cibrao que será unha realidade en pouco tempo; e o Plan E. Polo que lle pide que non veña pedindo cousas nas que se está traballando, para saír cun titular de prensa.

O portavoz do PP engade que él tamén está documentado, e a ver se lle parece que sexa lóxico o que se fixo na praia de Area Longa con cinco millóns de euros, nos momentos actuais. Exclama que hai que ter un pouco de cordura.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle di que non confunda churras con merinas, a praia de Area Longa é unha praia ambiental cualificada pola Unión Europea e se non se invertisen alí ían para outro sitio porque é o orzamento de Medio Ambiente do Estado, polo que prefire que se invirtan en Foz.

Finalizado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (PP).
- Abstencións: 3 (BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE).

Polo que non resulta aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello de Foz dirixirase ao Goberno Central para requirirille que proceda á adjudicación de xeito urxente do tramo de gasoduto da Mariña Lucense, de tal xeito que se garanta a subministración de gas natural aos Concellos desta comarca, e o seu uso doméstico e industrial, non máis aló do ano 2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno de España, á Xunta de Galicia, e aos distintos Grupos Políticos do PP, PSOE e BNG representados nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.

5. MOCIÓN DO BNG SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre a moción do BNG sobre a modificación da taxa por expedición de documentos.

A Secretaria da Corporación pide a palabra para manifestar que a última liña do texto que se engade á redacción do artigo seis, no referente a que o servizo público de emprego certifique sobre que "carece de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional" non é competencia dese organismo certificar sobre este extremo, polo que nunca se chegaría a cumprir tal requisito para obter a exención.

O portavoz do BNG propón que entón se recolla nese apartado a seguinte redacción: "Que non percibe unha prestación por desemprego superior ao salario mínimo interprofesional".

Estando todos de acordo sobre a enmenda se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o artigo 6. Cota tributaria no seu apartado 7. Participación en procesos selectivos de persoal, quedando como segue:

- Posto de traballo do grupo A1: 35 €.
- Posto de traballo do grupo A2: 30 €.
- Posto de traballo do grupo B: 25 €.
- Posto de traballo do grupo C1: 20 €.
- Posto de traballo Agrupacións Profesionais: 15 €.

Segundo.- Engadir ao artigo 6 o seguinte texto:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Modificación da cota.-

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame na participación en procesos selectivos de persoal, logo da xustificación documental:

- a) Persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%.
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%.
- c) Persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, **tres meses** anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal do Concello de Foz nas cales soliciten a súa participación. Serán requisitos para o desfrute da exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

Para xustificar a execución do pagamento de taxas pola causa referida na letra c) serán necesario acreditar, mediante documento certificativo expedido polo servizo público de emprego correspondente no cal conste no prazo de que se trate, os seguintes aspectos:

- Que figura como demandante de emprego, polo menos, dende os tres meses anteriores á data da convocatoria.
- Que non rexeitou ningunha oferta de emprego adecuado nin se negou a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional.
- Que non percibe unha prestación por desemprego superior ao salario mínimo interprofesional.

Terceiro.- Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobado definitivamente sin necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

6. MOCIÓN DO PSOE SOBRE RESTITUCIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO SUPRIMIDOS NOS SERVIZOS DOS COMEDORES ESCOLARES DA PROVINCIA DE LUGO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre a moción do PSOE sobre restitución dos postos de traballo suprimidos nos servizos de comedores escolares da provincia de Lugo.

Toma a palabra o portavoz do PP, para dicir que no curso pasado houbo escasez de persoal, o seu grupo non está a favor de que se mande á xente ao paro, polo que se van a abster.

O Sr. Alcalde lle di que iso non é así.

O portavoz do PP lle replica que se o PSOE trouxo unha moción así en anos anteriores entón vota a favor.

O Sr. Alcalde explica que iso comezou en Oural e pode agrandarse.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Fernández Manín engade que si lles van a poñer o comedor contratado.

Intervén o portavoz do BNG para dicir que saíu na prensa que os nenos estaban comendo bocadillos e agora se queren suprimir sesenta postos de traballo, o que non quere dicir que os funcionarios vaian a ir á rúa, pero xa non se sacan mais. E vanlle dar eses postos a unha empresa privada, a cal vai a contratar aos seus traballadores con peores condicións. Iso é o que está pasando co hospital da costa, porque o PP ten esa idea de privatizar todo; ese é o modelo esperanza Aguirre, e Feijoo se formou en Madrid, non en Galicia. Só lles queda sanidade, ensino e pouco mais, e por iso o BNG non pasa. Continúa dicindo que esa non é a política que había antes, os nenos teñen os mesmos dereitos que nas grandes cidades, ou mais, porque teñen menos servizos. Pide que conste en acta que acabará eliminándose o colexio de Oourol.

O Sr. Fernández Manín replica que antes estaba así.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para expresar que moitas veces, para que haxa paz, xa non fala. Explica que el asinou un convenio co Sr. Quintana da galescola, no que se dicía que na selección do persoal estará presente o Alcalde e ninguén lle comunicou nada, o que da a entender a política do PP, porque coma os procesos selectivos teñen que ser transparentes, así xa se contrata a través da empresa aos seus, se trata dunha política clientelar. Por outra banda, sinala que se entera agora da xogada que está facendo o Sr. Balseiro, porque se dixo que se nos ía a dar unha "ambulancia medicalizada" e na proposta puxo "ambulancia medicalizable". Conclúe a intervención manifestando que eses 11 nenos está xustificando que teñan comedor.

O portavoz do PP lle contesta, que na escola infantil se cumpriu co convenio que se asinou porque se tirou das listas que xa deixara feitas o BNG.

O Sr. Alcalde lle di que lle conteste por que non o chamaron á selección.

O Sr. Fernández Manín insiste en que porque non houbo selección, se tirou das listas do Consorcio.

O Sr. Alcalde pregunta que terá dereito a ser informado.

O portavoz do PP di que tampouco o sabía el.

E o Sr. Alcalde lle responde que el non é o Alcalde de Foz e lle pide que lle diga por que.

O portavoz do PP lle di porque igual xa non está en vigor ese convenio.

O Sr. Alcalde insiste en que se non se vai seleccionar se ten que avisar. Tamén o outro día saía no periódico que gracias ao PP, que amoblara a gardería con 40.000 €, se puxo en funcionamento, cando o Concello e a Xunta anterior gastaron 500.000 €, hai que respetar institucionalmente ás Administracións pequenas coma os Concellos. Hai centos de rapaces que votaron a instancia e non saben nada. O Concello está soamente para pagar.

A Sra. Alonso intervén para dicirlle ao portavoz do PP que da a sensación de que é pouco transparente.

O portavoz do PP lle replica ao Sr. Alcalde que entende que quera estar no tribunal, pero se non foi correcta a selección xa sabe o que ten que facer.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG di que o importante é que a galescola está aberta. É certo que os criterios de selección estaban no convenio, e a Xunta optou por tirar das listaxes, e punto. Outra cousa moi importante é o centro de día, que é vergoñoso que o Concello non teña centro de día, e parece que os tiros do líder político do PP non van por aí.

Rematado o debate procedeuse á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Abstención: 4 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Restituir os postos de traballo suprimidos nos servizos de comedores escolares da Provincia de Lugo.
- Mantemento dos servizos de comedor escolar público atendido con persoal laboral propio da Xunta de Galicia en todos os centros onde se propón a súa supresión.
- Elaboración dun plan específico, con dotación e memoria económica, de impulso, mellora e progreso da calidade do ensino público na provincia de Lugo que signifique unha aposta clara pola nosa provincia.

7.- EXPEDIENTE Nº 10/2010 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2010.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Contas, en sesión celebrada o 22 de abril de 2010, sobre a modificación nº 10/2010.

O Sr. Alcalde explica que había unha partida de 5000 € en asuntos sociais e vista a situación actual era conveniente aumentala a 15000 €. Hai unhas bases aprobadas polo Pleno e se tirará de aí, con independencia de que a Xunta está facendo algo. Tamén esto e pouco pero o Concello non está nunha situación económica boa.

O portavoz do PP manifesta que son conscientes de que non hai moitas familias que o necesitan e que hai unhas bases aprobadas, e a postura do PP vai ser a abstención, salvo que sexan 25000 ou 30000 e se traian a Pleno os nomes e apelidos.

O Sr. Alcalde lle contesta que iso non o admite, que iso non o leva a Pleno, non se vai facer política cos nomes da xente necesitada, o que decide iso é unha comisión na que se integran o traballador social, a educadora familiar e os políticos.

Intervén o portavoz do BNG para expresar que o seu grupo non está en contra das axudas sociais, pero en anos anteriores o gasto do PSOE non era moito nesa partida, e parece que agora está intentando facer o que non fixo en anos anteriores. O que debe traer o equipo de goberno son os orzamentos e recoller neles unha partida para estes temas. Sinala que non quere pensar que, a un ano das eleccións, iso sexa unha política electoralista. Indica tamén que se vota en falta un informe dos servizos sociais que diga a necesidade real de que esta partida é insuficiente, porque non se sabe coma se van a distribuír eses 15000 €. Conclúe dicindo que por un lado si hai esa necesidade, pero por outro lado, esa non é a forma.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle recorda que nos dous anos anteriores o BNG votou en contra dos orzamentos. En anos anteriores non había a situación de crise que se da na actualidade, por iso tamén se fixo o plan de emprego. Se trata dunha necesidade, para as eleccións aínda queda mais dun ano. Polo que se refire aos orzamentos, este ano ata setembro non se van facer, xa que este ano é imposible facelos porque non se sabe o que nos van dar e se está aguantando coma os demais concellos, gastando os mínimos. Pero esa partida se non se aproba quedará a cero, porque xa se modificara o ano pasado con 5000 €. A continuación pregunta se están de acordo en que quede o asunto sobre a mesa esperando a que se incorporen eses informes e se vexa o expediente.

Por unanimidade o asunto queda sobre a mesa.

8.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E DA TESOURERÍA DOS TRES PRIMEIROS MESES DO ANO EN CURSO.-

Se da conta do Estado da execución do orzamento e da tesourería dos primeiro trimestre do ano, quedando enterados os Srs. Concelleiros.

A continuación, por urxencia se engade o seguinte punto na orde do día:

9.- INTEGRACIÓN DOS POLICÍAS LOCAIS NO GRUPO C1.-

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia en que hai de prazo para adoptar o acordo ata o 3 de maio, ademais o representante dos policía presentou o escrito o 28 de abril cando xa estaba convocado o Pleno.

Se procede en primeiro lugar, a votar a urxencia, resultando aceptada por unanimidade.

O Sr. Alcalde da conta da proposta ao Pleno e explica que o cambio de grupo se produce por imperativo legal, ademais de que de acordo co establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policía Local de Galicia, "A clasificación dos funcionarios da Policía Local prevista na presente disposición se levará a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no cómputo conxunto das súas retribucións. Nestes caso percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación, pero o exceso sobre o do grupo anterior se deducirá das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se o hay, referidas a catorce mensualidades ao cómputo anual, de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior.

Non habendo debate, se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Integrar aos Policía Locais no grupo C1, deducíndolles o exceso sobre o grupo anterior nas retribucións complementarias, en concreto na produtividade e no complemento específico, de acordo co establecido no apartado 4 da Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia.

10.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 25 DE MARZO AO 26 DE ABRIL DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 25 de marzo de 2010 ao 26 de abril de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

B.- MOCIÓNS.

O BNG presenta a seguinte moción de urxencia:

“MOCIÓN SOBRE O ESTADO LAMENTABLE DA N-642 AO SEU PASO POR FOZ

O BNG de Foz xa ten denunciado publicamente o estado tan lamentable no que se atopan desde hai meses algúns tramos da estrada N-642 ao seu paso polo Concello de Foz. Referímonos á zona da Espiñeira-Mañente, á recta de Nois (altura de Arealonga) ou a algúns tramos da circunvalación de Foz. A brigada de obras de Fomento a raíz daquelas denuncias estiveron tapando os socavóns con meros recheos de chapapote pero que en ningún caso resolveron a situación e en moitos casos aínda a empirou. A isto hai que engadir que estas zonas non están ben iluminadas co que de noite os condutores non teñen visibilidade para esquivar as irregularidades da estrada nin están ben pintadas polo que os condutores teñen que guiarse por instinto incluso ao paso de curvas pronunciadas.

Dado ó pouco coidado que o Ministerio de Fomento pon no mantemento destas vías, o BNG ten que recordarlle que “os mariñáns non somos cidadáns de segunda aínda que pensen o contrario” porque esto ven repetíndose en moitos tramos das nosas estradas, a maioría como mala iluminación e mal conservadas. De nada serve todo o gasto que se fai nas campañas publicitarias para a prevención de accidentes cando as infraestruturas viarias non están suficientemente preparadas para circular con seguridade. Tampouco de nada serve a construción das autovías cando se abandonan desta maneira as estradas tradicionais que son as que utilizamos os residentes da Mariña.

Para os nacionalistas o mantemento e a conservación das estradas son algo imprescindibles para a seguridade viaria, cousa que non ocorre, co que os condutores da Mariña teñen un plus de risco ao circular por estas estradas de titularidade estatal. Hai que dicir que esta estrada é aínda a vía principal de tránsito da Mariña e polo tanto a que deberían coidar máis. É imperdoable contemplar como esta situación sufrímola os mariñás desde sempre a pesares do perigo que conleva e vemos como o organismo estatal non actúa e parece esperar a que ocorra algunha desgracia para facelo, como xa ten pasado noutras ocasións.

Por todo isto, desde o BNG solicitamos da Corporación o seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento a reparación inmediata e en condicións da estrada N-642 ao seu paso por Foz”.

Se procede á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade dos membros de dereito.

O portavoz do BNG explica a moción.

Non habendo intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento a reparación inmediata e en condicións da estrada N-642 ao seu paso por Foz.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP plantexa os seguintes rogos:

1) Na parroquia de Cangas, dende a estrada xeral a Alamparte, hai uns tubos que hai que quitarlos.

O Sr. Alcalde lle contesta que se está arranxando aquilo, se está esperando que veña o aglomerado.

2) Que se fagan as xestións para que se abra e asfalte un camiño na parroquia de Cangas, de Cordido á estrada de Ferreira-Cangas.

Contesta o Sr. Alcalde que a pista quedou ben.

Intervén o Sr. Fernández Marful, que di que se lle pediu a alguén e dixo que non.

3) No Centro Cívico a área recreativa.

O Sr. Alcalde lle di que está cedido a Costas.

4) As vaias das pistas deportivas de Cordido.

O Sr. Alcalde sinala que está a Delegada de Deportes neso, se está facendo un inventario para arranxalas todas.

5) Que se recuperen os árbores no río Centiño.

O Sr. Alcalde manifesta que alí hai un proxecto no plan E de rexeneración da vera do río e áreas recreativas e se está pendente dos permisos de Augas de Galicia, quen dixo que se enterou por a Voz de Galicia e que non se tocouse un río da súa propiedade.

6) Que se pinte a estrada dende Bispo Santo ao cemiterio.

O Sr. Alcalde lle responde que iso custa moito diñeiro, así que despois non veña dicindo que por que hai que facer un crédito extraxudicial, que onde se gasta; coma moito se mirará canto custa ata a basílica de San Martiño.

7) Que se asfalten os baches dende Vilaxoane á basílica de San Martiño, que se faga a xestión á Deputación.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

1) Moita xente demanda un servizo público na zona das Ramblas.

O Sr. Alcalde lle responde que se mirou u Kiosco de pago e non queren poñelo porque non da rendabilidade.

2) Que se poña unha rampa no aparcamento onde están os taxis.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde manifesta que xa se vai poñer.

3) Moitos dos paneis informativos están nun estado non moi bo.

O Sr. Alcalde matiza que estaban, porque xa se están adecentando. As marquesiñas estaban fatal, cheas de carteis, se vai comezar a sancionar. Tamén o dos perros é imposible.

O portavoz do BNG di que cando hai que sancionar hai que sancionar.

O Sr. Alcalde manifesta que primeiro se lles advirte para non sancionalos.

O portavoz do PP toma a palabra para dar as gracias en nome dos veciños de Fazouro, de Lousada, porque agora si se reparou.

O Sr. Alcalde di que si se ten que pagar iso co orzamento do Concello se queda sen un carto. Entón se falou co Presidente da Deputación para que deixara a maquinaria, debe darlle as gracias á Deputación.

PREGUNTAS:

O BNG realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Canto lle custa ao Concellos quitar os pasos?

O Sr. Alcalde manifesta que ten que apuntalo e miralo, hai unha partida para iso dentro dun proxecto do Plan E. Se van a remodelar todas as rúas de Foz e se debería esperar a que se votase un aglomerado. Xa se falou coa Deputación e dixo que non había ningún problema, así que o lóxico sería esperar a facer iso.

A Sra. Alonso Otero lle di ao Sr. Alcalde que xa sabe que estivo en Fazouro e onde está a estación de tren faría falla arranxar a pista, que está chea de auga.

O Sr. Alcalde contesta que sí, que quedaba iso, se mirará iso.

Continúa a Sra. Alonso Otero, dicíndolle que xa que se van cambiar as porterías, a de alí tamén faría falla porque todos os domingos están xogando.

O Sr. Alcalde di que iso se está mirando.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 15 minutos do día vintenove de abril de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.